



Ornela Fernández Salgado, portavoz do BNG, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral no vindeiro Pleno da Corporación,

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Vilaboa está a facer reposicións de obras con formigón de baixa calidade nos lugares onde hai un pavimento de aglomerado asfáltico. Isto pasou nas obras realizadas polo concello no cemiterio de Santa Cristina e nun vial da zona do Cuartel de Figueirido. Así mesmo tolerou que traídas de augas particulares fagan a reposición con este tipo de formigón.

Como consecuencia, a calidade destas reposicións non está acorde coa mínima demandada polo tránsito viario. De feito, os viais quedan moi deteriorados e cunha impresión visual case "posbélica".

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas:

1. Por que se están facendo as reposicións de obras con formigón?
2. Ten contratado o Concello algún subministro de aglomerado asfáltico?
3. Cando se van corrixir o tipo de prácticas descritas?

Vilaboa, 22 de outubro de 2008

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DE VILABOA